



NARÓN

## **MOCIÓN PARA O SEU DEBATE NO PLENO DO CONCELLO DE NARÓN SOBRE AS NECESIDADES DE INVESTIMENTO NO IES AS TELLEIRAS**

Olaia Ledo Díaz, voceira do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do establecido no Regulamento Orgánico Municipal, presenta para a súa aprobación polo Pleno a seguinte **MOCIÓN**:

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A situación do IES As Telleiras, no noso Concello, é de gran deterioro das infraestruturas principais, presentando carencias de moita gravidade que afectan ao día a día da comunidade educativa. Estamos a falar dun centro de ensino no que conviven 600 alumnos e alumnas e 50 persoas docentes (1ituaci de outro persoal traballador), distribuídos en varios edificios (ESO, bacharelato e salón de actos).

Entre as deficiencias máis salientables que requiren dunha intervención urxente por parte da Xunta de Galiza, atopamos:

**Falta de accesibilidade:** Nos edificios non existe nin ascensor nin elevador, polo que o primeiro andar resulta inaccesible para calquera persoa con mobilidade reducida.

**Filtracións e pingueiras:** O mal estado de fachadas e tellados provoca a entrada de auga en grandes cantidades en aulas e zonas de paso. É habitual ver caldeiros na entrada do edificio da ESO para recoller a auga, e as zonas cubertas do salón de actos presentan un aspecto perigoso por estas mesmas filtracións.

**Risco eléctrico:** As instalacións eléctricas non superaron as dúas últimas inspeccións obrigatorias por múltiples deficiencias. Ademais, un dos dous grupos electrógenos de emerxencia tivo que ser desactivado, o que deixa ao edificio de bacharelato sen servizo en caso de fallo na subministración.

**Danos en instalacións deportivas:** A cuberta da pista deportiva exterior presenta furados debido á caída de placas.

Malia as continuas comunicacións remitidas polo centro á Consellaría de Educación, a única resposta foron visitas técnicas e promesas de actuacións que deberían ter rematado hai dous anos. O abandono institucional obriga ao persoal e ao alumnado a convivir con situación de inseguridade e falta de dignidade no ensino público.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do BNG propón para a súa aprobación os seguintes

**ACORDOS:**

1. O Concello de Narón insta á **Xunta de Galiza** a realizar de xeito inmediato os investimentos necesarios para corrixir as graves deficiencias estruturais e de seguridade no **IES As Telleiras**.
2. O Concello de Narón solicita á **Consellaría de Educación** a instalación urxente dun ascensor ou elevador nos edificios para garantir a accesibilidade universal.
3. O Concello de Narón esixe a reparación inmediata de tellados, fachadas e cubertas para eliminar as filtracións de auga, así como a renovación integral da instalación eléctrica para cumprir coa normativa de seguridade.
4. Dar traslado destes acordos á Consellaría de Educación, á dirección do IES As Telleiras e ao ANPA do centro.

En Narón, a 5 de marzo de 2026

Asdo. OLAIA LEDO DÍAZ

Portavoz Municipal do BNG